

# Comité Científico do Censo do Patrimonio Marítimo Inmoble

# *Comité Científico* 1

O Comité Científico está composto por expertos recoñecidos en diversas disciplinas relacionadas co patrimonio marítimo e cultural de Galicia. A súa labor é garantir o rigor académico e técnico do catálogo, contribuíndo coa súa experiencia e coñecementos á elaboración do censo.

## Composición do comité científico:

Juan Creus Andrade

Iago Fernández Penedo

Óscar Fuertes Dopico

Manuel Lara Coira

Lino Lema Bouzas

Santiago Llovo Taboada

Iria Sobrino Fagilde

# Metodoloxía de traballo do Comité Científico

O Comité Científico aplica unha metodoloxía de traballo orientada a garantir o rigor, a coherencia e a calidade do Censo do Patrimonio Marítimo Inmóble de Galicia.

A súa participación estrutúrase nas seguintes fases:

## *1. Coordinación e planificación*

Cada experto/a participa en catro obradoiros de debate convocados polo PCUMA, onde se establecen as directrices comúns, os criterios metodolóxicos e o reparto territorial do traballo. Estas sesións permiten coñecer o estado xeral do proxecto e coordinar as actuacións co resto do equipo.

## *2. Revisión técnica e validación de bens*

Revisión do listado de bens asignados á súa zona de estudo, contrastando a información recollida polos técnicos do PCUMA. Esta revisión abrangue:

- A comprobación da localización, tipoloxía e descrición de cada ben.
- A avaliación da súa relevancia patrimonial e estado de conservación.
- A detección de erros, duplicidades ou omisións.

## *3. Propostas de novos bens e revisión in situ*

O Comité ten tamén a responsabilidade de propoñer a incorporación de novos bens non incluídos inicialmente no Censo, fundamentando cada proposta mediante referencias bibliográficas, cartográficas ou testemuñais. Sempre que sexa posible, realizaranse visitas de campo selectivas a determinados bens ou conxuntos patrimoniais, co obxectivo de contrastar información, avaliar o seu estado e obter documentación fotográfica complementaria.

## *4. Aportación teórica e documental*

Cada membro contribúe co seu coñecemento especializado mediante: A achega de bibliografía e fontes documentais relevantes,

e participación na definición conceptual e tipolóxica dos bens e categorías patrimoniais.

## *5. Avaliación e síntese final*

Unha vez completada a revisión individual, realízase unha sesión colectiva de avaliación, na que se contrastan as observacións persoais, se consensúan os criterios de inclusión e se validan as actualizacións finais do Censo.

## *Cronoloxía dos obradoiros*

A continuación, recóllense as datas de celebración dos obradoiros realizados o su contido:

**1. Novembro do 2024:** *Debate sobre a definición do Patrimonio Marítimo Inmóble. Reflexión sobre tipoloxías e sobre necesidade ou non de incluír algunhas tipoloxías no Censo. Breve debate sobre limitacións do Censo.*

**2. Xaneiro do 2025:** *Reflexión en detalle sobre criterios de selección e catalogación.*

**3. Xullo de 2025:** *Revisión pormenorizada dos elementos incluídos no censo por ámbitos xeográficos*

**4. Setembro de 2025:** *Síntese e conclusións dos resultados do proceso*

# Resumo do Currículo de Juan Creus Andrade

**Ano de nacemento:** 1966

**Profesión:** Arquitecto

## Datos Relevantes

### **1. Formación Académica e Recoñecementos:**

Arquitecto pola ETSA da Coruña (1992). Premio Extraordinario (1995). Doutor en Arquitectura pola Universidade da Coruña (2009). Cualificación Sobresaliente Cum Laude.

### **2. Traxectoria Profesional e Docente:**

- Profesor titular no Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo (UDC) desde 2019.  
- Coordinador de programas académicos de Máster en Arquitectura e restauración do territorio.

### **3. Contribución ao Patrimonio Marítimo e Territorial:**

Premios destacados:

2024: Premio Europeo de Espazo Público Urbano e Bienal Iberoamericana de Arquitectura polo proxecto do bordo litoral de Porto do Son.

2023: Premio FAD de Cidade e Paisaxe polo Bordo Litoral de Porto do Son.

2021: Participación na Bienal de Arquitectura de Venecia (UNCERTAINTY) con proxectos sobre arquitecturas marítimas.

2019: Premio Concurso Transformación do bordo litoral da cidade da Coruña  
Selección Concurso Reordenación Puerto de Sanxenxo, Pontevedra

2016: Participación en el Pabellón Español Bienal de Arquitectura de Venecia – UNFINISHED -Premio León de Oro (Puerto Malpica)

Proxectos relevantes:

Remodelación do porto de Malpica, Porto do Son e a Lonxa de Fisterra, entre outros, todos eles galardoados con premios nacionais e internacionais.

Proxectos de humanización dos bordos marítimos en Galicia, destacando o deseño de espazos públicos e a súa integración harmoniosa na paisaxe costeira.

### **4. Investigación e Publicacións:**

Membro do grupo de investigación "Galicia Cidade e Territorio", enfocado en estudos sobre o desenvolvemento urbano e o patrimonio marítimo.

Publicación de libros e artigos sobre rehabilitación sostible e arquitectura da paisaxe, como "Arquitectura e Paisaxe na Costa da Morte" e "Estratexias para bordes de mar en Galicia".

### **5. Difusión e Divulgación:**

Relator en eventos nacionais e internacionais sobre patrimonio arquitectónico e paisaxístico.

Exposicións como "Arquitectura e territorio na Costa da Morte" e "Transitions in Context", centradas en intervencións en paisaxes marítimos galegos.

### **6. Premios e Recoñecementos:**

Máis de 38 premios por obras e 14 por proxectos, moitos vinculados a intervencións na costa galega.

# Resumo do Currículo de Iago Fernández Penedo

**Ano de nacemento:** 1983

**Profesión e experiencia:** Arquitecto

## **1. Formación Académica e Recoñecementos**

- Arquitecto pola ETSAM (2009).
- Posgrao en Deseño e Tecnoloxía de Vivendas Industriais, ETSAM, Madrid (2010).
- International Wood Program, Aalto University, Finlandia (2013).
- Máster en Enxeñaría Estrutural da Madeira, USC, Lugo (2014).

### **Recoñecementos destacados:**

- Finalista en XXIII Bienal Iberoamericana de arquitectura y urbanismo (2024)
- Premio de arquitectura de Hyspalit. Teja (2024)
- Premio de Arquitectura en Madera CESUGA|PINO DE GALICIA(2023)
- Premio XVI Bienal Española de Arquitectura e Urbanismo (2023).
- Premio XV Bienal Española de Arquitectura e Urbanismo (2021).
- Premio Young European Architects (2020).
- Premio na categoría de rehabilitación nos XIX Premios COAG (2021).
- Finalista nos VIII Premios Enor (2020) e nos Premios FAD (2019).

## **2. Breve Traxectoria Profesional**

Desde 2015, forma parte de Fuertespenedo arquitectos, estudo centrado no deseño, a investigación e a arquitectura. O seu traballo destaca pola integración de conceptos de sustentabilidade, preservación do patrimonio e rehabilitación, especialmente en proxectos vinculados ao ámbito marítimo e industrial.

## **3. Proxectos e Investigacións sobre Patrimonio Industrial e Marítimo**

### **Proxectos destacados:**

- Autor do artigo "O patrimonio industrial no contexto da sustentabilidade", presentado no VII Congreso sobre Conservación do Patrimonio Industrial e da Obra Pública en España.
- Autor do artigo "As arquitecturas dos oficios do mar", centrado en estratexias de rexeneración territorial e na conexión entre a arquitectura e as actividades marítimas tradicionais.
- Especialista en proxectos que vinculan a arquitectura contemporánea coa recuperación e rehabilitación de estruturas patrimoniais ligadas ao mar e á industria.

- Membro do equipo redactor. Do PLAN DE MEJORA-ESTUDIO DE USOS DE LA CARPINTERIA DE RIBEIRA «TALLER DO CHARANGO» . Dentro do proxecto Dorna (2011)
- Membro do equipo redactor. Estudio do bordo litoral desde a enseada de Broña a Punta Barquiña (2019)
- Traslatio: El patrimonio marítimo de los caminos del mar a Santiago. Autor
- Renatur
- Sea Lab Haus

## **4. Participación en Eventos e Conferencias**

- XXI JORNADAS INTERNACIONALES DE INTERVENCIÓN EN EL PATRIMONIO HISTÓRICO. Fundación Cultural del Colegio de Arquitectos de la Rioja (2021)
- JORNADAS DE REHABILITACIÓN DEL PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO. Colegio Oficial de Arquitectos de Tenerife, La Gomera y El Hierro (2022)
- Encuentro internacional de embarcaciones tradicionales de valor patrimonial. PASAIA ITSAS FESTIBALA (2024)
- CICLO DENDE AS MARXES. Fundación Barrie de la Maza. (2024) ACADEMICO
- JURADO TFM. Máster en Diseño y Construcción en Madera .CESUGA (2023)
- JURADO TFM. Máster Universitario en Arquitectura. Curso 2023-2024. CEU. UNIVERSIDAD CARDENAL HERRERA (2024)
- Profesor. Máster Universitario en Arquitectura. Curso 2024-2025. CEU. UNIVERSIDAD CARDENAL HERRERA (2024)

## **5. Divulgación e Musealización**

- Exposición fotográfica. Traslatio II.O patrimonio dos camiños do mar a Santiago. (2022)
- Diseño museografía Espazo museístico da carpintería de ribeira. Estaleiro tradicional Ciprián. (2022)

# Resumo do Currículo de Manuel Lara Coira

**Ano de nacemento:** 1950

**Profesión e experiencia:** Doutor Enxeñeiro Industrial, Diplomado en Enxeñaría Ambiental.

Profesor da Universidade da Coruña (Xubilado)

## **1. Contribucións ao Patrimonio Marítimo e Industrial**

- Presidente de Buxa, Asociación Galega do Patrimonio Industrial, desde 2008.
- Presidente da Comisión de Patrimonio Industrial da Federación de Asociacións de Enxeñeiros Industriais de España (FAIIE) desde 2017.
- Contribucións ao Patrimonio Marítimo Galego
- Vocal do Consello de Redacción de Nova Ardentía, revista da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar), desde 2018.
- Publicacións destacadas como "Nuevas rutas culturales: el patrimonio industrial visto desde el mar" e "O patrimonio industrial como elemento dinamizador do territorio", centradas na conexión entre patrimonio marítimo e industrial.

## **2. Proxectos e Investigacións sobre Patrimonio Industrial e Marítimo**

Autor de numerosas publicacións que exploran a industrialización na ría de Ferrol, as rutas marítimas e a preservación de infraestruturas históricas.

Destacan as súas publicacións sobre os asentamentos industriais históricos, como "Os muíños de mar na contorna de Ferrol" ou "A fábrica de tecidos d'O Roxal". Explora tamén a interacción entre o patrimonio industrial e o litoral galego, co foco na posta en valor das relacións entre industria e mar.

Coordinador de investigacións como "A industria cerámica en Boimorto" e "As minas dos ingleses: San Finx".

Ademais, liderou proxectos de impacto europeo, como o estudo do funicular de Novo y Sierra no patrimonio mineiro, integrando enfoques de recuperación cultural e histórica.

## **3. Participación en Eventos e Conferencias**

- Relator en numerosos eventos internacionais, como o Segundo Congreso Internacional de Patrimonio Industrial, o e Congreso de Turismo Industrial Galicia-Norte de Portugal, promovendo o valor do patrimonio marítimo como recurso turístico.
- Relación co proxecto Mar de Velas para crear unha Rede de Mariñas Tradicionais en Galicia.
- Membro do Comité Científico do Séptimo Congreso TICCIH España, onde se debatiron estratexias de conservación e dinamización do patrimonio industrial.

## **4. Divulgación e Musealización**

- Desenvolvemento de rutas culturais e turísticas relacionadas co patrimonio industrial e marítimo, como a videoreportaxe "Ruta marítima polo patrimonio industrial da ría de Vigo".
- Edición do portal web Buxa, Asociación Galega do Patrimonio Industrial
- Colaboración en proxectos que combinan investigación e educación para dar a coñecer o valor cultural do patrimonio galego.

### *Publicacións Relevantes*

*"Os muíños de mar na contorna de Ferrol", revista Atenea (2023).*

*"A fábrica de tecidos d'O Roxal" en Ferrol Análisis (2022).*

*"Pegadas da industrialización en Galicia: a enseada de San Simón" (2016).*

*Coordinador editorial de investigacións sobre historia industrial en Galicia.*

# Resumo do Currículo de Lino Lema Bouzas

**Ano de nacemento:** 1952

**Profesión e experiencia:** Enxeñeiro Agrónomo, colaborador activo en proxectos culturais relacionados co mar e o patrimonio marítimo.

## 1. Formación Académica e Recoñecementos

Titulación: Enxeñeiro Agrónomo pola Escola Superior de Enxeñeiros Agrónomos da Universidade Politécnica de Madrid (1976).

Recoñecementos e Cursos Complementarios: Diploma de directivo (EGAP, 1995).

Cursos de lingua galega (Iniciación e Perfeccionamento), expedidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística (1992 e 1993).

## 2. Traxectoria Profesional Resumida

Desenvolveu unha ampla carreira como enxeñeiro agrónomo na administración pública, desempeñando postos clave desde 1976 ata a súa xubilación en 2015. Iniciou o seu labor como enxeñeiro encargado da oficina comarcal do IRYDA en Lalín e, posteriormente, ocupou diversos cargos de responsabilidade na Xunta de Galicia, especialmente nas áreas de marisqueo, extensión e desenvolvemento pesqueiro. Destacan os seus períodos como Xefe de Servizo en Extensión Pesqueira (1990-2002) e Desenvolvemento Pesqueiro (2002-2005, 2009-2015), liderando proxectos estratéxicos para o sector marítimo. Tras a súa xubilación, continúa colaborando co Museo do Pobo Galego e outras entidades culturais relacionadas co patrimonio marítimo.

## 3. Contribucións Clave ao Patrimonio Marítimo

Responsable do Servizo de Publicacións da Consellería de Pesca, destacando obras como "O mar da memoria", "As embarcacións tradicionais de Galicia", "Lanchas e dornas", e a edición facsimilar do "Diccionario de artes de pesca de España y sus posesiones".

## 4. Programas de Formación e Divulgación sobre o Mar

Promotor de iniciativas innovadoras como:

- Escola taller A Aixola, onde se construíron réplicas de embarcacións tradicionais como a lancha xeiteira Marina.

- "Aulas de acuicultura" e visitas didácticas ás rías para escolares. Cursos de formación pesqueira, como Plan Forma para a pesca artesanal e talleres de mergullo científico e arqueoloxía submarina.

## 5. Proxectos Europeos sobre Patrimonio Marítimo

Coordinador de proxectos europeos como:

- DORNA e Fishernet sobre patrimonio cultural relacionado coas embarcacións tradicionais.

- WOOBTA para a formación de carpinteiros de ribeira.

- Desenvolvemento de actividades vinculadas á pesca sostible e á mellora de calidade de produtos pesqueiros.

## 4. Infraestruturas e Recuperación do Patrimonio Marítimo

- Coordinador das axudas para rehabilitación de embarcacións tradicionais e creación de infraestruturas culturais vinculadas ao mar, como a modernización de lonxas (Portonovo, Lira e Fisterra).

- Rehabilitación do Castelo de San Carlos en Fisterra, incluíndo unha exposición sobre o mar e a pesca.

## 5. Divulgación e Cultura

- Exposicións destacadas como "Vivir no Atlántico Norte" (Compostela, 2000).

- Asesor no Plan da Cultura Marítima de Galicia - Horizonte 2030 (PCUMA).

- Membro do Órgano de Xestión para a Salvagarda das Técnicas Tradicionais da Carpintería de Ribeira desde 2022.

## Outros Logros e Actividades

Socio do Museo do Pobo Galego desde 1977, ocupando o cargo de Tesoureiro.

Autor de publicacións didácticas sobre embarcacións tradicionais e cultura marítima.

Colaborador en proxectos culturais como Cultulmar e Agalcari.

# *Resumo do Currículo de Santiago Llovo Taboada*

**Ano de nacemento:** 1957

**Profesión e experiencia:** Licenciado en Dereito pola USC.  
Funcionario do Corpo de Xestión e Superior da Administración  
Autonómica Galega (Xubilado).

## ***1. Contribucións Clave ao Patrimonio Marítimo***

Historiador/escritor afeccionado. Amais dun número indeterminado de artigos e charlas, ten publicados os seguintes libros relacionados co mar.:

1. Memoria salgada dun pobo (tamén en Castelán baixo el título de Memoria salada de un pueblo).
2. Anaquiños de historia do Concello de Muros. Douscentos anos de salgaduras e conserveiras.
3. O Freixo de Sabardes. A terra dos carpinteiros cos pes mollados.
4. Mar de Outes. Berce dos carpinteiros de ribeira galegos.
5. As salgaduras de Carnota.
6. Contra el mar y el viento.
7. A salga no Son.
8. As fábricas de Corrubedo.
9. A salga no fin do Camiño. As fábricas de Fisterra.
10. A salga en Cee e Dumbría.

# Resumo do Currículo de Iria Sobrino Fagilde

**Año de nacemento:** 1977

**Profesión e experiencia:** Arquitecta

## **1. Formación Académica e Recoñecementos**

- Arquitecta pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña (2003).
- Doutora en Arquitectura pola Universidade da Coruña (2024).
- Especialización en rehabilitación e análise de solos complexos, patrimonio industrial e urbanismo.
- Selección en publicacións destacadas como Arquia-Próxima e Munken: Heart Works.

## **2. Breve Traxectoria Profesional**

- Fundadora de noncommon, un estudo centrado en investigación urbanística, arte e rehabilitación arquitectónica (desde 2005).
- Concejala do Concello de Marín desde 2019, onde desenvolve propostas de urbanismo sostible.
- Experiencia en rehabilitacións urbanas, proxectos culturais e asesoramento sobre usos alternativos para edificios industriais en Galicia.

## **3. Proxectos e Investigacións sobre Patrimonio Industrial e Marítimo**

*Proxectos destacados:*

- Plan de Usos de La Panificadora de Vigo, propoñendo usos sostibles para este emblemático espazo postindustrial (2017).
- Inventario-Catálogo de Patrimonio Industrial da Ría de Vigo e Galicia Sur litoral (2007).
- UPCYCLING CZFV: reurbanización e reciclaxe de 17 polígonos industriais espontáneos en Vigo (2013).

*Investigacións e publicacións:*

- Estudos sobre arquitectura popular efémera contemporánea e rehabilitación de patrimonio industrial.
- Edición de libros como Imaxes Da Memoria (sobre o Porto de Marín) e La Panificadora de Vigo.

## **4. Participación en Eventos e Conferencias**

- Relatora en múltiples eventos, como o Foro de Urbanismo e Infraestruturas da Zona Franca de Vigo, e no Congreso Internacional INCUNA en Xixón (2012).
- Charlas destacadas sobre patrimonio industrial en espazos como o Museo Massó e a Fundación Luis Seoane.
- Organización de xornadas sobre patrimonio industrial e rehabilitación urbana en Vigo e Porriño.

## **5. Divulgación e Musealización**

- Desenvolvemento de proxectos culturais como o deseño expositivo para o 40º aniversario do Museo do Pobo Galego (2017) e exposicións como Debuxantes Da Pedra, Fabricantes Da Lata.
- Creación de rutas culturais relacionadas co patrimonio industrial, como Ruta marítima polo patrimonio industrial da ría de Vigo.
- Colaboración en proxectos de escenografía, mostras artísticas e intervencións efémeras relacionadas coa memoria industrial e cultural galega.
- Participación didáctica en documental sobre la huella del patrimonio de las fábricas de conserva para Anfacó.(2021)
- Participación como jurado del premio de investigación de patrimonio industrial Buxa.(2015)
- Charla en la Fundación Luis Seoane sobre Astilleros de Ribeira, con Juan De La Sota. ¿En qué se conservan las ideas? (2014)

# Tarefas do comité científico 2



Cada membro do comité científico debera:

1. Asistir ás reunións a modo de Obradoiros de debate sobre o estado do patrimonio na sede do PCUMA.
2. Participar de xeito eficaz nas actividades propostas nos obradoiros.
3. Abordar unha visión de conxunto, a través da análise, escoita e observación do traballo creado e estruturado para os ámbitos nos que se articulan os subsistemas da cultura marítima galega, co fin de enriquecer o debate.
4. Aportar todo o que considere oportuno, desde a súa experiencia, para a mellora do censo.



toda a costa galega

Abordar

Aportar

Colaborar

Reflexionar

